

NOTA ACLARATORIA SOBRE A INSTRUCIÓN DA VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE SOBRE A GRAVACIÓN DAS AULAS E DEMAIS ACTIVIDADES DOCENTES NON PRESENCIAIS

Ante as consultas recibidas respecto á Instrución sobre gravación de aulas e outras actividades non presenciais, publicada o pasado día 16 de setembro, desde esta vicerreitoría quérese aclarar que a expresión "resulta imprescindible" é equivalente a "resulta obrigatorio", é dicir, estase a indicar a obrigatoriedade de gravar as aulas e as actividades docentes virtuais. Esta obriga xa se estableceu no documento de Medidas para a finalización do curso académico 2019-2020, que se tomou como punto de partida para a elaboración das Orientacións para a programación da actividade docente: curso 2020-2021. Non obstante, tamén se poderán gravar vídeos explicativos en diferido cos contidos das aulas, editalos e poñelos a disposición do alumnado na plataforma virtual da UDC ou subir, por exemplo, presentacións que inclúan explicacións gravadas en audio por parte do/a docente. O obxectivo é, tal e como se indicaba na instrución, garantir "a accesibilidade do estudantado con problemas de conectividade ou que estean en corentena".

Ademais, tamén cómpre aclarar que lle corresponde unicamente ao profesorado activar o botón de gravación das aulas. Actualmente todas as reunións a través de Teams na UDC están configuradas para que por defecto só quen organiza a reunión teña o rol de moderador, mentres que todos os demais invitados adquiren o rol de asistente. Os asistentes non poden iniciar gravacións nin compartir contido, polo tanto, os estudantes non poderían activar a gravación. Esta situación só pode ser modificada polo moderador.

Nancy Vázquez Veiga

Vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente